

Jose Luis Vazquez Iglesias, con DNI 35.240.164-R, en representación das persoas abaixo asinantes, todos eles veciños residentes na rúa Rosalía de Castro 45-47 da cidade de Pontevedra, formada pola urbanización A Graña que comprende 3 bloques; **e con dirección a efectos de notificación de Rosalía de Castro nº 45-47 – Bloque 1 - 1º D – 36001 Pontevedra.**

EXPÓN:

1.- Que viñemos observando con preocupación e inquedanza unha suma de ilegalidades e irregularidades nas distintas obras realizadas no Bloque 1, da rúa Rosalía de Castro 45-47 (adaptación dun “trasteiro” para os elementos técnicos de soporte dunha antena base de telefonía móbil, instalación dunha claraboia de acceso ao tellado, e saídas de cableado coaxial neste último), sen coñecer con exactitude o estado dunha instalación dun sistema de **antena base de telefonía móbil** no tellado da urbanización formada polos tres Bloques enriba mencionados:

- Que a instalación dunha antena base de telefonía móbil foi **aprobada ilegalmente** nunha xunta de propietarios do Bloque 1 convocada para tal efecto no 2005, coa negligencia da administración de fincas, (xa que dous veciños con pleno dereito de voto mostraron a súa desconformidade en dita xunta e sen asesoramento algún viron os seus intereses e dereitos vulnerados). Ver **Anexo 1.**

- Que o 11 de Outubro de 2005 D. Manuel Veiga Arias, en calidade de Presidente da Comunidade de Propietarios do Bloque 1, asinou un contrato que consideramos **abusivo e en todo caso actualmente nulo de todo dereito** con TELEFÓNICA MÓVILES S.A. por 10 anos renovable cada 5: xa que, entre outras cousas, non contempla a obtención das licenzas municipais preceptivas previas para a súa instalación e funcionamento (neste caso licenza de obra maior e licenza de actividade) e só alude no epígrafe 9.3 á resolución –fin- do contrato por parte de TELEFÓNICA no caso de denegación de licenzas, que en todo caso non nos consta que as pediran.

- Que do arrendamento do “trasteiro” propiedade de D. Francisco López Rodríguez a TELEFÓNICA MÓVILES S.A., **resultou a reforma do mesmo (modificando a súa estrutura –paredes e o nivel do solo-) para a instalación dos equipos necesarios que conectan pola cuberta aos cables coaxiales co sistema de antenas de TELEFÓNICA MÓVILES S.A.**, ademais da creación dunha claraboia de acceso a cuberta comunicando co corredor dos “trasteiros”. En todo caso os servizos de urbanismo municipal nos confirman só a existencia dunha petición de Licenza de Obras Menor en dito “trasteiro”, legalmente insuficiente para as alteracións sufridas na estrutura do mesmo e na estrutura do propio edificio no seu cao (sobrepeso mínimo estimado de 1,5 toneladas, ao fin da instalación, sen constancia algunha de petición de licenza de Obra Maior nos servizos de urbanismo municipais).

2.- A estas ilegalidades e irregularidades súmanse que na comunidade científica lonxe de garantir **a inocuidade da exposición a estas emisións electromagnéticas aos niveis autorizados**, cada vez son máis as administracións públicas e institucións que apelan ao **principio de precaución**; e o categórico de estudos científicos, como os citados no **Anexo 2**, que constatan o perigo potencial deste tipo de emisións.

3.- A nivel xurídico, a pesar dunha lei estatal que consideramos actualmente anticuada (xa que está baseada só nos efectos térmicos e esquece o principio de precaución ante as alarmas dende a comunidade científica polos efectos biolóxicos non térmicos) lembramos a xurisprudencia sobre o principio de precaución e a obligatoriedade dos concellos de cumprir co RAMINP (Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas -Decreto 2414/1961-) e en especial:

- O **informe do Valedor do Pobo 2006** (recen presentado no Parlamento galego), que coa xurisprudencia actual lembra as obrigas municipais ante a proliferación sen control municipal das antenas base de telefonía móbil: Obriga de esixir Licenza de actividade (“**Todas as instalacións necesitan licenza municipal de funcionamento, de acordo co RAMINP**”) e a obriga de cumprir co

PRINCIPIO DE PRECAUCION na súa tramitación (“As publicacións científicas non negan que as antenas sexan prexudiciais, polo que o principio de prevención obriga a afastar as instalacións dos núcleos habitados e das vivendas”).

http://www.parlamentodegalicia.es/sites/ParlamentoGalicia/BibliotecaHoxeNoParlamento/Informe_ValedorDoPobo_2006.pdf

- O Auto de casación do **Tribunal Supremo** do 27/09/2005 (Sección 1ª da Audiencia Provincial de Murcia nº 377/2000) onde **considérase demostrado que as vivendas contiguas a transformadores, antenas de telefonía móbil, torres eléctricas e estacións base están sometidas a radiacións moi superiores ás normais**. Recoñece tamén o dano moral (o desasosiego causado por que unha vivenda poida ter emisións que poderían ser daniñas para a saúde). **Recoñece as radiacións como unha ameaza ao dereito á vida, a integridade física, a intimidade persoal, a inviolabilidade do domicilio, a gozar do medio ambiente e a obriga de reparar os danos causados ao medio ambiente, recollidos na Constitución.**

Como afectados pola instalación dunha antena base de telefonía móbil na rúa Rosalía de Castro 45-47, Bloque 1 (fronte ao Colexio “Salvador Moreno”); apostamos pola aplicación do **Principio de Precaución** (defendido dende distintos ámbitos científicos, xurídicos, institucionais –coma a propia Axencia Europea do Medio Ambiente- e sociais) que preveña dos potenciais efectos biolóxicos sobre os habitantes desta zona, compatibilizando as novas tecnoloxías e a saúde e ...

SOLICITAMOS:

- **Información sobre a petición e/ou tramitación das Licenzas Municipais preceptivas para a instalación dunha antena base de telefonía móbil na rúa Rosalía de Castro 45-47, Bloque 1:** Licenza de Obra Maior (Normativa autonómica: Decreto 28/1999 “Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da lei do solo de Galicia”) e a Licenza de Actividade Clasificada (Normativa estatal: Decreto 2414/1961 “RAMINP”).
- **Informe técnico municipal sobre o estado actual da instalación e as súas consecuencias sobre a estrutura do “trasteiro” mencionado e do edificio** (ante a denuncia exposta enriba sobre a Licenza de obra menor concedida a D. Francisco López Rodríguez no “trasteiro” da súa propiedade non axustada as obras reais realizadas co prexuízo que se poda desprender para a comunidade).
- **Información sobre a afectación desta antena polas normas actuais urbanísticas municipais**, e a previsión de normas novas, no seu caso que contemplan o principio de precaución e a protección da saúde e a estética urbana.
- En todo caso, **pedimos o desmantelamento de tódolos elementos da antena base de telefonía ilegal que se está a instalar nesta zona residencial e escolar, así como un regulamento específico** que, dende **o principio de precaución** compatibilice as novas tecnoloxías e a saúde.
- Por último, **solicitamos unha entrevista** coas Concelleiras e Concelleiros implicados, para expoñerlle a nosa preocupación sobre este tema e levar seguimento das medidas a tomar por ambas partes.

En Pontevedra, a 29 de abril de 2008

Asinado: José Luís Vázquez Iglesias (e 70 sinaturas máis de residentes do edificio La Graña da rúa Rosalía de Castro 45-47)

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

ANEXO 1: FUNDAMENTO XURÍDICO: SOBRE A INSTALACIÓN DUNHA ANTENA DE TELEFONÍA MÓBIL NUNHA COMUNIDADE DE VECIÑOS:

O acordo debe tomarse co voto favorable de todos os propietarios, por unanimidade, si se ve alterada a estrutura do edificio ou os elementos comúns. No caso que se entenda que non existe alteración da estrutura do edificio, pódese tomar o acordo como un arrendamento de elementos comúns, sendo só necesario o voto favorable de 3/5 dos propietarios, **máis coa autorización expresa:**

- Dos **veciños que usen** aparatos sensibles aos campos electromagnéticos (**marcapasos, audiófonos, ...**)
- Dos **veciños que vivan nos últimos pisos** (máis afectados aos campos electromagnéticos)
- Dos **propietarios que non queiran asumir o posible risco**, para a súa saúde e a dos seus familiares.
- Dos **propietarios que pensen que poida darse unha depreciación do valor de venda** da súa vivenda.

Gallego Bernad, Soledad. *Informe Jurídico. Comunidades de Propietarios e instalación de Antenas de Telefonía Móvil*. Valladolid. 2000. http://www.gea-es.org/document_pdf/Informe%20Juridico.pdf/ / González González, Encarnación; García Parrilla, Elena. *¿Cómo funciona?: La comunidad de vecinos*. Generalitat Valenciana. Valencia. 2004

ANEXO 2: ALGÚNS DATOS DA COMUNIDADE CIENTÍFICA COMO BOTÓN DE MOSTRA DA NON INOCUIDADE

- **O PROXECTO REFLEX** estudo multicéntrico da Comisión Europea realizado entre o 2000 e o 2004 en 7 estados europeos, **conclúe que unha exposición continuada á radiación da telefonía móbil nos niveis autorizados provoca efectos xenotóxicos** –preámbulo potencial de enfermidades tumorais e dexenerativas– máis relevante na infancia e na vellez (como os alumnos/as do Colexio de Salvador Moreno –fronte ao edificio no que se está a instalar a antena de telefonía móbil de Rosalía de Castro 45-47- e as persoas maiores desta zona).

http://ec.europa.eu/research/rtdinfo/46/01/print_article_2943_es.html

- **O PROXECTO BIOINITIATIVE** (Nova York 31/08/07) **recente revisión bibliográfica** por expertos de recoñecemento internacional (en oncoloxía, inmunoloxía, saúde pública e política medioambiental –incluída a propia **Axencia Europea de Medioambiente**–) **de máis de 2000 estudos científicos e traballos, concluíndo que os niveis existentes de seguridade pública son inadecuados para protexer a saúde pública e documentando as evidencias científicas actuais sobre a relación causal dos campos electromagnéticos** (leucemia infantil e outros cancros infantís, tumores cerebrais e neuromas, cancro de mama, cambios no sistema nervioso e nas funcións cerebrais, así como os efectos nos xenes e o ADN / proteínas da tensión / sistema inmunolóxico), reclamando límites de seguridade máis estritos que os establecidos pola U.S.F.C.C. e a I.C.N.I.R.P (referentes da lexislación española). <http://www.bioinitiative.org/>

- OS ESTUDOS ESPECÍFICOS SOBRE ANTENAS:

O estudo da Universidade de Tel Aviv en Israel (país que prohibe a instalación de antenas de telefonía móbil nas vivendas dende outubro de 2007), indica un **incremento da incidencia de cancro 4,15 veces maior na área de influencia dunha antena**. Ronni Wolf & Danny Wolf, 2004, Increased Incidence of Cancer near a Cell-Phone Transmitter Station. International Journal of Cancer Prevention. Volume 1, number 2, April 2004

O estudo Naila realizado en Alemaña, conclúe que o **risco de contraer un cancro multiplícase por 3,29 na área interior dun radio de 400 metros dunha antena**: nun seguimento de case mil pacientes durante o período de 1994 a 2004, mostrase que a proporción de novos casos de cancro en pacientes que viviran durante os últimos dez anos a unha distancia menor a 400 metros de estacións base de telefonía móbil era significativamente máis alta que a doutros pacientes que viviron máis afastados da antena. Ademais os que viviron a unha distancia menor a 400 metros enfermaron a unha idade media máis nova. Eger, H et al.: Einfluss der räumlichen Nähe von Mobilfunksendeanlagen auf die Krebsinzidenz. Umwelt Medizin Gesellschaft, n.º 17, p 326-332, 4/2004

O estudo austríaco do Departamento de Saúde da Steiermark (iniciado en el año 2005 e recentemente difundido pola Axencia de Prensa Austríaca), realizado polo Dr. Gerd Oberfeld, médico do servizo de saúde ambiental de Salzburgo: constata un **aumento significativo do risco de cancro** debido ás radiacións dunha antena de telefonía móbil. http://www.avaate.org/IMG/pdf/Study_on_a_NMT_450_Cell_Tower_and_Cancer_-_Executive_Summary.pdf

- **O ESTUDO ENCARGADO POLA PROPIA “MANUFACTURERS FORUM”** -asociación internacional de fabricantes de telefonía móbil- á Universidade Wayne (EUA) e o Instituto Karolinska de Suecia (publicado en xaneiro de 2008), conclúe que as radiacións de telefonía móbil afectan ao estado do sono normal facilitando dor de cabeza, cansazo, confusión, depresión.... <http://www.adn.es/tecnologia/20080122/NWS-1176-Hablar-insomnio-telefono-provocar-dormir.html>